

XEOGRAFÍA E HISTORIA - 1º ESO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A valoración cuantitativa do proceso de aprendizaxe dos alumnos emitirase mediante as cualificacións obtidas nos distintos procesos de avaliación. Seguiranse os seguintes criterios:

- **Probas escritas: 80%.** Onde os alumnos responderán a unha serie de preguntas, problemas ou cuestións de forma escrita ou, excepcionalmente, de forma oral. Cualificarase de 0 a 10, conforme o valor que o profesor outorgue a cada pregunta. Realizarase cando menos dúas por trimestre.
 - Terase en conta a corrección nas respostas ás preguntas propostas: madurez argumentativa, expresión escrita, complexidade da resposta, aportación persoal do alumno e emprego dos contidos e instrumentos traballados na aula.
 - A profesora corruxirá a proba e establecerá a nota. **O exame entregarase ao alumnado sen nota algunha** de xeito que sexan os alumnos os que deban fixarse nos seus erros para poder establecer que nota merecen. A nota da profesora terá prioridade sen menoscabo de ser axustada en certos casos en función da puntuación do alumnado.
 - Faranse **exames de recuperación** cada trimestre que deberá ir acompañado da entrega dun caderno de aula completo co traballo realizado nese trimestre. En xuño haberá un exame final.
 - As faltas xustificaranse á titora agás cando non se poida acudir a un exame. Só **se repetirá o exame** se o alumno presenta un documento que indique que a ausencia foi por causa de forza maior (papel médico, xulgado, etc). Un xustificante dos pais non permite repetir o exame.
 - Os exames incluírán **dous temas como mínimo**. Excepcionalmente serán dun tema só.
 - A **data** do exame poderá ser marcada polo conxunto do alumnado sempre e cando non se converta nunha fonte de problemas e discusións. De ser así, a data pasará a ser marcada pola profesora ou ben quedará automaticamente posta para o día seguinte ao final do tema.
 - **O exame de setembro** será de toda a materia impartida. Só se terá en conta a nota do exame.
- **Caderno de aula: 10%.** Todos os alumnos deben ter un **caderno de clase**. Isto quere dicir, que han de ter unha libreta que recolla ordenadamente o traballo feito na aula e como traballo na casa.
 - Recollerase en tódolos exames e corruxírase: a profesora emitirá una valoración do traballo feito (ben, mal, regular) e recomendacións para a súa mellora.
 - Os elementos a valorar son: traballo, ortografía, presentación e caligrafía.
- **Traballo: 10%.** Neste apartado terase en conta:
 - Todo tipo de actuación ou intervención contraria ás normas da clase e ás normas de comportamento do centro.
 - Non ter material necesario para aproveitar a sesión de clase.
 - Prestarase unha atención especial ao respecto ao material de aula e aos elementos da aula en si mesma (mobiliario, libros de consulta, paredes, etc)
 - Faltas de respecto aos valores básicos de convivencia. Farase fincapé no respecto aos compañeiros e á profesora, así como a corrección nas intervencións na aula. Quedan incluídos aquí, expresións que denigren a calquera grupo racial, cultural ou de orientación sexual ou favorables á violencia de calquera tipo.
 - A atención, participación e aproveitamento das actividades, explicacións e tarefas propostas nas horas de clase.

- Correcta realización das tarefas de aula ou para a casa, e os traballos optativos e/ou obrigatorios, que poden ser individuais ou en grupo.
- Nas **presentacións orais** cualificarase a demostración de coñecementos e o grao de eficacia na súa exposición. Así mesmo terase en conta os instrumentos empregados para facilitar a comprensión da información presentada: imaxes, presentacións powerpoint, vídeos ou contidos online.
- **Para a correcta valoración** das probas escritas, traballos e tarefas do alumnado terase en conta:
 - **Traballo:** as actividades propostas son realizadas con aproveitamento e corrección. O grao de desenvolvemento da tarefa proposta, atendendo a criterios tales como madurez expositiva, complexidade da resposta, aportación persoal do alumno e emprego dos contidos e instrumentos traballados na aula.
 - **Ortografía.** 3 faltas de ortografía equivalen á perda de 0,25 puntos con respecto a un total de 10 en cada proba.
 - **Presentación.** Puntuarase positivamente a orde e coidado na presentación.
 - **Caligrafía.** Se non se entende a letra ou a redacción dunha tarefa, non se corruxará nin valorará a resposta.
 - Os traballos, folios de exame ou cadernos **sen nome**, non poderán ser valorados.
 - Os traballos terán que ser entregados na **data establecida**. De non ser así, poderán non ser recollidos e, polo tanto, non ser considerados de cara a avaliación da materia.
- Na **cualificación final** de trimestre, establécense os seguintes criterios:
 - Unha nota **por debaixo do 5** non será considerada un aprobado.
 - A partir do 5, as cualificacións superiores ao '5 (5,5, 6,5, etc) serán **susceptibles de ser ponderadas** de forma ascendente, cara a seguinte cifra. A este respecto, a realización de tarefas de ampliación ou reforzo, o caderno de aula e o apartado "Traballo" serán elementos a ter en conta.

CURSO 2018-19